

APARTADO C: ANÁLISE DA ACTUACIÓN RETROSPECTIVA DO DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NO TERRITORIO DE ACTUACIÓN: AVALIACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS NOS PROGRAMAS ANTERIORES

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

CONTIDO

<i>C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.</i>	6	C.4.3 Valoración conxunta de cadros e baremo	38
C.1 Análise da evolución dos principais indicadores demográficos, socioeconómicos e de servizos á poboación no territorio do GDR	6	C.5 Datos e indicadores cuantitativos sobre a execución e resultados alcanzados	39
C.2 Diagnóstico territorial recollido nas estratexias elaboradas para os períodos anteriores	9	C.5.1 Cifras globais	39
C.3 Estratexia definida polo GDR para os períodos anteriores .	17	C.5.1.1 Período 2007-2013	39
C.3.1 Estratexia Leader 2007-2013.....	17	C.5.1.2 Período 2014-2020	39
C.3.2 Estratexia Leader 2014-2020.....	18	C.5.1.3 Análise comparativa cualitativa.....	40
C.3.3 Análise comparativa cualitativa dos dous períodos.....	22	C.5.2. Datos sobre os proxectos.....	41
C.4 Concreción da estratexia nos cadros financeiros e no baremo de priorización de proxectos	26	C.5.2.1 Período 2007-2013. Proxectos presentados e executados	41
C.4.1 Cadros financeiros.....	26	C.5.2.2 Período 2014-2020. Proxectos presentados e executados	48
C.4.1.1 Período 2007-2013	26	C.5.2.3. Indicadores para avaliar a execución e resultados	52
C.4.1.2 Período 2014-2020	31	C.5.2.4 Análise comparativa cualitativa.....	60
C.4.1.3 Análise comparativa cuantitativa.....	32	C.6 Balance cualitativo sobre a execución, resultados e impacto do programa LEADER no territorio; grao de cumprimento da estratexia deseñada.....	61
C.4.2 Baremo de priorización de proxectos	33	C.6.1 Avaliación do proceso de participación e da xeración de capital social.....	61
C.4.2.1 Período 2007-2013	34	C.6.2 Avaliación dos resultados e o impacto no territorio.....	63
C.4.2.2 Período 2014-2020	37	C.6.3 Proxectos considerados casos de éxito a destacar	67
C.4.2.3 Análise comparativa cualitativa.....	37		

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Proxecto: Creación do centro comarcal de apoio ao desenvolvemento rural 67

Proxecto: Ampliación residencia Suacasa..... 69

Proxecto: Novos lácteos conservación/promoción 71

C.7 Orientacións e leccións extraídas para o novo período 2023-2027 73



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Resumo de aspectos clave do GDR.....	9	Táboa 13. Cadro financeiro execución a 31/12/2022 en función dos pagos efectuados.....	40
Táboa 2. Resumo do diagnóstico territorial para os períodos 2014-2020 e 2023-2027	10	Táboa 14. Características principais dos proxectos para Costa Noroeste e EuroEume, 2009-2015	42
Táboa 3. Obxectivos e actuacións definidos na estratexia do período 2007-2013.....	18	Táboa 15. Orzamento aceptado polos GDRs, Costa Noroeste e EuroEume	47
Táboa 4. Obxectivos e actuacións definidos na estratexia do período 2014-2020.....	19	Táboa 16. Porcentaxe pagado da cantidade proposta polo GDR EuroEume e Costa Noroeste, 2009-2015	47
Táboa 5. Actuacións do sector primario, períodos 2007-2013 y 2014-2020	23	Táboa 17. Características principais dos proxectos para Seitura 22, 2014-2020	48
Táboa 6. Gasto público proxectado aprobado da Estratexia 2007-2013 para EuroEume, entre 2008 e 2015.....	28	Táboa 18. Gastos e orzamento proxectados para Seitura 22, 2014-2020. Pagamentos	51
Táboa 7. Gasto público aprobado do programa Costa Noroeste, 2008-2015	30	Táboa 19. Gastos e orzamento proxectados para Seitura 22, 2014-2020. Axudas.....	51
Táboa 8. Cadro financeiro aprobado para o período, anualidades 2017-2023.....	32	Táboa 20. Porcentaxe pagado da cantidade proposta polo GDR Seitura 22, 2014 - 2020	51
Táboa 9. Criterios de selección e baremación de proxectos Costa Noroeste, 2007-2013	34	Táboa 21. Financiamento executado GDR Seitura 22, 2017-2022, e porcentaxe pagada da cantidade proposta para os proxectos de formación e animación.....	52
Táboa 10. Criterios de selección e baremación de proxectos EuroEume, 2007-2013	35	Táboa 22. Proxectos segundo tipoloxía en ambos períodos	52
Táboa 11. Criterios de selección e baremación de proxectos 2014-2020	37	Táboa 23. Proxectos segundo Categoría en ambos períodos.....	54
Táboa 12. Resumo de financiamento executado, GDR Costa Noroeste e EuroEume	39	Táboa 24. UTA a consolidar e a crear por GDR.....	56



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 25. Indicadores principais para os tres GDRs durante o período de análise..... 56

Táboa 26. Número de proxectos por concellos dos tres GDRS..... 57

Táboa 27. Número de proxectos segundo figura xurídica para os tres GDRS, Costa Noroeste, EuroEume e Seitura 22..... 58

Táboa 28. Socios actuais segundo sectores 62

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Número de proxectos segundo tipoloxía para cada GDR; Costa Noroeste e EuroEume 46

ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Exterior do A Fusquenlla, o Centro de Transformación Agroalimentaria de Cerdido, Moeche, San Sadurniño y Valdoviño 69

Imaxe 2. Exterior residencia Suacasa 71

Gráfico 2. Proxectos por tipo para os GDR53

Imaxe 3. Variedade de queixos elaborados pola cooperativa Campo Capela 72

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.

Realízase nos seguintes puntos unha análise e avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores, tanto no período **2007-2013** coma no período **2014-2020**

C.1 Análise da evolución dos principais indicadores demográficos, socioeconómicos e de servizos á poboación no territorio do GDR

A partir dos datos recollidos no apartado B, neste apartado destácanse as principais tendencias detectadas na dinámica demográfica e socioeconómica do actual territorio do GDR nos períodos 2007-2013 e 2014-2020.

Os datos máis recentes analizados reflicten unha certa diversidade na **distribución da poboación** neste GDR. Así, vemos que o 34,3% da poboación ocupa o 5,1% do territorio, que se corresponde co concello de Ferrol.

Varios concellos da “**área metropolitana**” posúen unhas elevadas densidades de poboación. Os concellos máis afastados dos máis poboados van perdendo esa densidade de poboación elevada, e presentan números moi baixos. Así, un terzo da poboación habita zonas densamente poboadas ocupando o 5% do territorio, outro terzo habita zonas intermedias ocupando o 11% do territorio, pero o

ultimo terzo vive en zonas pouco poboadas que ocupan case o 84% do territorio.

En definitiva, existe un gran desequilibrio na distribución da poboación, xa que dous terzos da poboación están concentradas no 16,1% da superficie do territorio, mentres que o restante 83,9% da superficie só é capaz de reter un terzo da poboación total, que ten un carácter nomeadamente rural.

Esta situación de contrastes no asentamento da poboación explícase por **diversos factores** que actúan de polo de atracción da poboación. Un deles é que o GDR se atopa no entorno dunha das sete grandes cidades de Galicia, Ferrol, que exerce como polo de atracción do territorio norte da provincia. Outro factor é que cóntase con 13 concellos no litoral costeiro que atraen poboación. Un terceiro factor é o efecto chamada dos concellos limítrofes das grandes cidades, ou dos concellos con actividade industrial.

Así mesmo, se produce un alto fraccionamento na distribución espacial da poboación, pois un terzo da poboación habita zonas densamente poboadas ocupando o 5% do territorio, outro terzo habita zonas intermedias ocupando o 11% do territorio, pero o último terzo vive en zonas pouco poboadas que ocupan case o 84% do territorio. O GDR conta con 3.161 entidades de poboación, que representan o 10,4% e Galicia e o 30% da Provincia. Con 155 parroquias, representa o 16,7% das parroquias da provincia de A Coruña e o 4% das de Galicia.

Doutra banda, obsérvase unha **perda** do 7,41% **da poboación** entre 2010 e 2020, cifra moi superior á media provincial (2,15%) e tamén á autonómica (3,43%). Os movementos naturais da poboación no territorio do GDR reflicten unha zona afectada por unha forte regresión demográfica, cunha taxa de crecemento vexetativo



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

negativa en todos os concellos do territorio, e unha taxa media (-8,02%) que supera con creces a media provincial (-5,69%) e autonómica (-6,50%).

Ademais, obsérvase unha **taxa de natalidade** case un punto inferior á media da Provincia e de Galicia, o que indica un maior descenso da fecundidade e unha menor capacidade de reposición demográfica. A **taxa de mortalidade** é o dobre que a de natalidade e incluso supera en máis dun punto a da provincia e de Galicia, síntoma de poboación envellecida. A pirámide de poboación é regresiva e coincide coa dinámica da poboación de Galicia, de continuado envellecemento. A moso un ensanche progresivo da zona media que se corresponde co rango de idade de actividade laboral, entre os 30 e 65 anos, e un acusado estreitamento nas cohortes entre 15 e 25 anos de xente moza, que reflicte a caída da fecundidade.

No conxunto do GDR, o **índice de xuventude** non chega ao 33%. Está no 10,98%, menos da metade do que sería unha poboación ben estruturada con capacidade de reposición. Tamén constatamos unha alta taxa de envellecemento (264,8%), que supera, en moito, a media da Provincia e de Galicia en máis de 100 puntos. A isto únese unha alta taxa de dependencia do 69,08%, superior a media da provincia e de Galicia, en máis de 9 e de 8 puntos, respectivamente.

Polo que respecta á **electrificación** é case total. Aínda que existen casos, nas zonas máis rurais que experimentan constantes caídas de tensión e diversas dificultades no subministro. En moitas ocasións resultan altamente problemáticas, especialmente cando existen actividades económicas como explotacións agrarias ou turismo rural.

Doutra banda, na área xeográfica de Eume - Ferrol- Ortegal existen uns **ingresos medios por fogar** menores aos da provincia da

Coruña e ao conxunto de Galicia, cunha evolución é negativa entre os anos 2014 e 2020. A provincia de A Coruña é a única que, ao longo do período analizado, se sitúa por riba da media galega de renda, sendo a provincia de maior renda dispoñible por habitante.

O resultado da comparativa 2010-2018 da renda dispoñible bruta amosa unha progresiva mellora da capacidade adquisitiva. Neste indicador existen diferenzas dentro do territorio, xa que o 27 % dos concellos, 5 dos 22, perden no 2010, respecto ó 2018, valores de renda respecto do ano 2010, como no caso dos concellos de Cerdido, Pontedeume, Cabanas, A Capela e Ferrol. Para o ano 2018, o GDR dispón dunha renda dos fogares inferior á galega. Na variación dos valores de renda municipal entre os anos 2010 e 2018, case a totalidade dos concellos están en cifras negativas.

Así mesmo, o territorio do GDR representa o 16,5% da **actividade produtiva** da provincia e o 7,2% do PIB de Galicia. Seis concellos aportan a maior actividade, reflexo da localización de grupos empresariais neses concellos: REGANOSA en Mugaros, MEGASA en Narón, Construción Naval en Fene e Ferrol, Planta de Tratamento de Residuos en As Somozas e Central Eléctrica en As Pontes. De todos eles, o sector enerxético de As Pontes é o que aporta maior actividade económica por habitante, aínda que a tendencia é á baixa. No concello de As Somozas, o peche da industria relacionadas co sector eólico tamén lle está a pasar factura.

A análise do PIB da Zona Densamente Poboada, Ferrol, mostra que é o concello que aporta os valores máis importantes de PIB, aínda que todo o relacionado co transporte e o sector naval está a sufrir un grande retroceso produtivo. Este Concello era o impulsor da economía da área metropolitana, pero pode sufrir tamén un retroceso importante. Tamén Narón, concello onde os últimos anos



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

eran de crecemento en tódolos ámbitos, está a sufrir un importante retroceso.

En resumo, a distribución espacial do GDR é un inconveniente para o desenvolvemento económico e a calidade de vida das persoas que habitan no territorio. Esixe un **esforzo inversor** por parte das administracións públicas, co fin de garantir o acceso a prestación de servizos públicos e dotacións.

Ademais, dado que a maior **supervivencia** non leva aparellada a ausencia de enfermidade ou discapacidade, resulta de especial interese abordar actuacións para mellorar as expectativas de saúde da poboación, con programas de acompañamento da xente maior, co obxecto de garantir a calidade de vida.

Por outra banda, no que respecta ao **sector enerxético**, a puxanza para a comarca de As Pontes, que estaba a desenvolver a central eléctrica, pode sumir a toda a contorna nunha crise económica, non só polos empregos directos que xera, senón por toda a actividade relacionada co transporte de mercadorías e outras, que se está a ver moi afectada. Isto únese ao perigo de retroceso impulsado pola situación económica complexa do concello de Ferrol. Estas situacións requiren unha actuación urxente para amortecer ou reconducir a tendencia, que ademais se verá influenciada por outros sectores, non só locais, senón mesmo de carácter nacional ou internacional.



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 1. Resumo de aspectos clave do GDR

INDICADOR	DATO
Entidades de poboación (número)	3.161
Número de parroquias	155
Porcentaxe de perda de poboación (2010-2020)	7,41%
Densidade de poboación (habitante/Km ²)	59,11
Habitantes por parroquia	617,27
Porcentaxe de variación da poboación (2010-2020)	-7,41%
Taxa de crecemento vexetativo (2020)	-8,02%
Saldo vexetativo (persoas)	-1.566
Saldo migratorio (persoas)	1.168
Índice de xuventude (2020)	10,98%
Taxa de envellecemento (2020)	264,8%
Taxa de dependencia (2020)	69,08%
Índice de Gini (2016)	0,272
Porcentaxe de fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis dun 50% do total dos seus ingresos (2016)	47,63%
Porcentaxe de fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis dun 75% do total dos seus ingresos (2016)	40,56%
Porcentaxe de fogares nos que os ingresos por prestacións 100% do total dos seus ingresos (2016)	35,45%
Porcentaxe de fogares con moita dificultade para chegar a fin de mes (2020)	9,54%
Renda dispoñible bruta (2018, euros)	14.228 €
PIBpc (2018, euros)	21.733 €

Fonte: Elaboración propia

C.2 Diagnóstico territorial recollido nas estratexias elaboradas para os períodos anteriores

Neste apartado ofrécese un resumo do diagnóstico do territorio que figuraba na estratexia do GDR para o período 2014-2020 (principais

debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades), destacando os cambios entre ese diagnóstico e o elaborado para a estratexia 2023-2027 (apartado B do documento).



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 2. Resumo do diagnóstico territorial para os períodos 2014-2020 e 2023-2027

DEBILIDADES	AMEAZAS
<p>Específicas 2014-2020</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Baixa densidade demográfica (inferior á media provincial aínda que superior á media galega) acompañada dunha acusada dispersión co 30% das entidades de poboación da provincia e 10,40% de toda Galicia, que encarece a prestación de servizos básicos. ● A poboación por entidade é moi inferior á media galega e provincial. ● Taxas de actividade e ocupación por debaixo da media galega e provincial e con tendencia decrecente. ● Nivel de renda dispoñible bruta e indicador municipal de renda dos fogares inferior á media galega. ● Excesivo rumbo cara as actividades industriais tradicionais da zona dunha parte dos axentes e institucións que limita a receptividade para a implantación de programas de diversificación de actividades no medio rural. ● Episodios de degradación ambiental importantes; Ría de Ferrol e puntos concretos do litoral. ● Falta de ordenación territorial. ● Escasa capacidade de transformación do produto agroalimentario. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Competencia crecente dos núcleos comerciais e de servizos externos ao Territorio pero localizados nas proximidades, como é o caso da Coruña. Que aproveitan as carencias na oferta de servizos territorial. ● Atracción das cidades próximas especialmente para a poboación moza, cos riscos conseguíntes derivados da consolidación de centros de gravidade esóxenos. ● Deterioro de elementos patrimoniais, carencias na conservación. Reforzado pola ausencia de plans de xestión e uso público. ● A orientación industrial do territorio pode afectar aos valores naturais do territorio, limitando a calidade de vida, e un posible desenvolvemento en base a estes. ● Escasa diversificación da produción forestal, moi orientada á produción de pasta cunha forte competencia internacional e cuns prezos decrecentes. ● A liberalización comercial está a introducir unha espiral de baixos salarios e descenso do consumo que os tratados comerciais internacionais poden aínda acentuar. Isto se traduce en perda da actividade, deslocalización, etc. ● Dependencia da climatoloxía na demanda turística que se traduce nunha forte estacionalidade.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Comúns a ambos períodos

- Elevado envellecemento da poboación e de dependencia.
 - Perda de poboación, tendencia ao envellecemento e dispersión da poboación como característica do ámbito rural no territorio.
 - Dificultade para arraigar poboación; nomeadamente, poboación nova.
 - Especialmente nas zonas máis afastadas, déficit de servizos de electricidade, xestión de augas, saneamento, depuración, TIC e telefonía.
 - Insuficiente poboación con experiencia que conte cun apreciable grao de cualificación profesional nos diferentes sectores.
 - Falta de oportunidades e perspectivas de emprego para a xuventude. Dificultade para a inserción laboral.
 - O emprego e o emprendemento no ámbito rural pouco valorado.
 - Dotación/distribución/acceso insuficiente de infraestruturas e servizos: centros de saúde, escolas infantís, centros de día, Servizo de Atención no Fogar, etc. Esta situación afecta máis ao ámbito rural.
 - Asociacionismo e cooperativismo débil. Existencia de múltiples empresas pequenas localizadas de forma desigual polo territorio. Necesidade de mellorar a capacidade comercial.
 - Escasa diversificación das producións agrarias e forestais. Forte dependencia da especialización láctea e do eucalipto
 - Falta de base territorial (SAU). Dificultade de acceso e ampliación da base territorial en explotacións. Mala ordenación territorial. Escasa concentración parcelaria.
 - A actividade económica tende a focalizarse nos polos urbanos con maior dinamismo e nas áreas asociadas.
 - A estacionalidade no sector turístico condiciona a súa rendibilidade. Debilidade de infraestruturas e servizos que permitan aproveitar o potencial turístico do territorio.
- Crise do sector lácteo.
 - Tendencia ao envellecemento. Marco social que dificulta a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Sobrecarga dos coidados a persoas dependentes sobre o colectivo feminino.
 - Acusado envellecemento dos titulares das explotacións agrarias. Ausencia de relevo xeracional na maioría das explotacións.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Novas 2023-2027

- Dificultade para o relevo xeracional.
 - Baixa rendibilidade de moitas explotacións, derivada da súa dimensión, do custe de materias primas, dos elevados custes de produción, e das dificultades que afrontan para a transformación e a comercialización.
 - Comercio local pouco sensibilizado cara ao produto de calidade/proximidade.
 - Figuras de protección ambiental pouco desenvolvidas. Xestión mellorable do espazo natural.
 - Espazos contaminados. Impacto negativo da actividade industrial.
 - Deterioro e ruptura do tradicional vínculo horta-gando-monte.
 - Presión cara á instalación invasora de macro parques eólicos.
 - Carencia de infraestruturas de comunicación que vertebran o territorio; nomeadamente no rural.
 - Especificamente para o ámbito forestal, superficie insuficiente para competir axeitadamente. Ausencia de industria transformadora; peche de serradoiros. Falta de especialización na transformación primaria do pino e eucalipto.
 - Conflito de intereses entre a produción de eucalipto e a produción agroecolóxica.
 - Banco de terras: pouco impacto no territorio. Falta de incentivos e información.
 - Para o ámbito forestal, a posición de predominio da macro industria como destinatario final da madeira.
 - Necesidade de aumentar a dotación de solo industrial competitivo; especialmente no que toca á opción de aluguer e para instalacións pequenas.
 - Infraestruturas de educación e formación para o emprego:
- Escenario de crise: ambiental, socioeconómica, alimentaria...
 - A dependencia do territorio en materia de enerxía.
 - A capacidade de influencia da gran distribución e as grandes industrias no ámbito agroforestal. O modelo das grandes superficies comerciais.
 - A nivel social non se valora axeitadamente o produto de calidade, proximidade e ecolóxico.
 - Tendencia á “urbanización cultural”, que resta vínculos co ámbito agrario.
 - A complexidade administrativa asociada a requisitos e liñas de axuda.
 - Falta de formación en políticas de igualdade.
 - Ausencia de cultura de participación.
 - O ámbito Municipal; ten un nivel de financiamento insuficiente e debe asumir competencias impropias.
 - Déficit de políticas Municipais orientadas a igualar servizos entre o ámbito urbano e o ámbito rural. Tendencia á centralización dos recursos.
 - Incerteza nas expectativas de futuro.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- A oferta de ciclos formativos profesionais ten dificultade para actualizarse, polo que non responde á demanda e necesidades máis actuais do territorio.
- Mala coordinación entre o sistema educativo e os Concellos e axentes do territorio á hora de facilitar o acceso e diversidade a unha poboación dispersa.
- Presenza habitual de barreiras que dificultan a mobilidade de persoas con diversidade funcional
- Dependencia das Administracións. Dificultade ante a complexidade burocrática e prazos das subvencións.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

FORTALEZAS

Específicas 2014-2020

- Aparición nos últimos anos de proxectos empresariais innovadores e o papel que poden xogar a este respecto si aproveitamos o efecto demostrativo.
- Presenza de entidades asociativas na área de benestar que suplen en parte as carencias da oferta deste tipo de servizos.
- Importante desenvolvemento do asociacionismo entre os propietarios forestais

OPORTUNIDADES

- Dispoñibilidade e abaratamento de locais comerciais e solo industrial.
- A progresiva implantación das tecnoloxías da información e da comunicación poden xerar novos servizos e favorecer no exterior os produtos locais.
- Dinamismo das entidades culturais do territorio.
- Demanda social de espazos naturais.
- Os incrementos dos custos enerxéticos constitúen unha oportunidade para o desenvolvemento de proxectos que contribúan a suficiencia enerxética das explotacións, empresas e dotacións en base a renovables como a xeración a partir de biomasa. Que ao mesmo tempo contribuiría a ordenación e incremento de valor dos montes.
- Posibilidades do fomento da agricultura e gandeira ecolóxicas, recente creación de plataformas asociativas e/ou de comercialización que apostan polos circuitos curtos e o emprego das novas tecnoloxías.
- Unanimidade en canto a necesidade de corrixir a falta de coordinación e estruturación da oferta turística.

Común a ambos períodos

- A riqueza do patrimonio natural do territorio con ampla riqueza en canto a biodiversidade, e que abre posibilidades de aproveitamento sostible e xeración de emprego verde.
- A existencia do recurso madeireiro. O potencial enerxético dos recursos presentes no monte.
- Elevada produtividade forestal, a escala europea.
- Existencia das IXPs Pemento do Couto, Grelo de Galicia ou Tenreira Galega, con importante presenza no Territorio.

- Localización estratéxica do territorio, coa área urbana de Ferrol-Narón como polo industrial e comercial e a proximidade á rexión urbana da Coruña conectado por estrada coas cidades do Eixo Atlántico así como co resto da Península, proximidade aos aeroportos.
- Os ríos e a súa rede de afluentes como unificadores da vida no territorio, tema e realidade susceptibles de vertebrar o territorio nun proxecto común.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> ● Recoñecida calidade dos produtos agroalimentarios do territorio. ● Existencia de Asociacións de desenvolvemento rural herdeiras de entidades cunha importante experiencia no marco do desenvolvemento rural. ● Presencia dun rico e variado patrimonio cultural, relacionado con diversas épocas históricas, realmente relevante. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Interese social crecente pola produción agraria ecolóxica, integrada e de proximidade. ● Os fondos LEADER. ● A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia. ● Crecente interese da poboación española e de outros países europeos polo turismo temático, cultural e de natureza. ● Existencia de mercados locais, feiras tradicionais. ● Marca de Garantía “Produto do Eume” que pode amparar as producións agroalimentarias do Territorio e contribuír a súa diferenciación.

Novas 2023 - 2027

<ul style="list-style-type: none"> ● Presenza de espazos ambientais protexidos. ● A iniciativa da creación do Xeoparque do Cabo Ortegal. ● Potencial do FEVE como vertebradores da comunicación entre concellos. ● Territorio con posibilidade de crecemento e diversificación. Presenza de materias primas de calidade, con potencial para sustentar un mellor aproveitamento da cadea de valor e xerar valor engadido. ● Existen posibilidades para a xestión conxunta do solo forestal. ● Territorio con iniciativas e explotacións con resiliencia. ● O coñecemento e a experiencia acumulada polo sector. Polígonos agroforestais marcados na zona. ● Na produción de calidade/proximidade/ecolóxica existe unha relación máis persoal cos clientes, e un mellor coñecemento do medio. ● Os comedores comunitarios como nichos para a ampliación do mercado deste modelo de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Consciencia ambiental crecente a nivel social e empresarial. ● A Axenda 2030. ● Os Fondos Next Generation. ● As políticas Públicas que pretenden poñer terra a disposición de produtores do ámbito agrario; o Banco de Terras. ● Os apoios crecentes á produción ecolóxica. ● A percepción crecente de que o rural supón mellor unha calidade de vida. ● O escenario de transición agroecolóxica. ● O actual escenario enerxético, que leva á necesidade de operar cunha mestura combinada de enerxía. ● Os cuidados e atención a domicilio como nicho de emprego con gran potencial. ● Existe unha sensibilidade social crecente ao respecto da violencia de xénero.
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> ● Existen iniciativas de aproveitamento multifuncional do monte asociadas a bases territoriais amplas. ● O Centro de Transformación Agroalimentaria da Fusquenlla, e o seu impacto potencial no emprendemento no ámbito agroalimentario. ● A iniciativa do Monte do Forgoselo. ● Territorio con recursos moi diversos; a escala agraria, industrial, turística, etc. ● A anunciada instalación, na zona de As Pontes, de proxectos industriais de gran dimensión, con capacidade de dinamizar a economía do territorio. ● Presenza no territorio dun tecido de PEMES. ● Na comarca de Ortegal, potencial para a xeración de enerxía eólica. ● Cara ao turismo, patrimonio natural e etnográfico, e posibilidade de acceso a produtos alimentarios “TOP” e de “km 0”. A rede de camiños do territorio; o Camiño dos Arrieiros, o Camiño do Sor, o Camiño de San Andrés, a Ruta do Cantábrico, o Camiño de Santiago.. ● O ámbito dos servizos de apoio á conciliación, aos coidados e a atención a domicilio como nicho de emprego de gran potencial. ● Gradualmente, aumenta a colaboración entre os Concellos do territorio. ● O territorio ten un tecido diverso de entidades e movementos sociais. ● Presenza crecente dos movementos feministas no territorio. 	

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

C.3 Estratexia definida polo GDR para os períodos anteriores

Este apartado inclúe un resumo da estratexia deseñada polo GDR para o período 2014-2020, así como unha referencia aos cambios respecto á estratexia do período 2007-2013.

C.3.1 Estratexia Leader 2007-2013

É preciso sinalar que se produciu un **cambio na estrutura** do actual GDR entre os diferentes períodos das estratexias Leader. Así, para o período anterior da estratexia Leader 2007-2013, a configuración dos GDR do territorio existentes nese momento era a seguinte:

- **GDR-30 EuroEume:** concellos de Cabanas, A Capela, Moeche, Monfero, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño. As Somozas, e Vilarmaior.
- **GDR-31 Costa Noroeste:** concellos de Ares, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, e Valdoviño.

A estes 21 concellos, a Xunta de Galicia, por razóns de ratios de poboación, engadiulle un concello máis, o concello de Miño, que estaba integrado no GDR Mariñas-Betanzos, que agora foi incorporado ao actual GDR.

A actual configuración do **GDR Seitura 22** é a seguinte: concellos de A Capela, Ares, As Pontes, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, Somozas, Valdoviño, Vilarmaior.

Esta nova distribución mantén unha coherencia xeográfica, social e económica, xa que as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal comparten infraestruturas terrestres, ferroviarias, portuarias e aéreas, demandadas durante décadas. Este territorio comparte a Área Sanitaria de Ferrol, Xeodestino Ferrolterra, Distrito forestal I, Delegación Xunta, etc.

Indícanse a continuación os **principais obxectivos establecidos nesa estratexia**, así como as actuacións definidas para a consecución de cada obxectivo.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 3. Obxectivos e actuacións definidos na estratexia do período 2007-2013

	COSTA NOROESTE	EUROEUME
OBXECTIVOS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> ● Frear a regresión demográfica garantindo o mantemento da poboación. ● Elevar o benestar social dos habitantes do territorio. ● Mellorar o nivel de renda da poboación. ● Diminuír a taxa de desemprego. ● Incrementar a actividade económica. ● Valorizar os recursos naturais e culturais do territorio. ● Fomentar a conservación do medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Reforzar a base produtiva agroalimentaria e forestal. ● Fomentar un sector agrario e forestal multifuncional e sostíbel. ● Mellorar a calidade de vida e a economía das zonas rurais.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ● Dinamización do sector agrario e forestal. ● Mellora medioambiental e do contorno rural. ● Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Dinamización do sector agrario e forestal. ● Mellora medioambiental e do contorno rural. ● Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

Fonte: Estratexia Leader (2007/2013)

Compre sinalar que as liñas de actuación de ambas estratexias eran coincidentes debido a que estas foron establecidas por Agader nas Bases Reguladoras do Leader de aquel período, para encaixar nas mesmas a subvencionabilidade das diferentes actuacións.

C.3.2 Estratexia Leader 2014-2020

A seguinte táboa mostra o obxectivo xeral definido para o GDR Seitura 22 durante o período 2014-2020, así como as actuacións asociadas ao mesmo.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 4. Obxectivos e actuacións definidos na estratexia do período 2014-2020

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS
I. Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora de servizos básicos e da calidade de vida.	1. Animar a participación da poboación na implantación da estratexia de desenvolvemento	Actuación 1.1. Desenvolver o Plan de Difusión da Estratexia. Actuación 1.2. Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais. Actuación 1.3. Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.
	2. Promover a cooperación das institucións e entidades no desenvolvemento da estratexia.	Actuación 2.1. Estímulo á creación de servizos mancomunados e transversalidade das actuacións. Actuación 2.2. Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades.
	3. Dotación e mellora de servizos sociais básicos e outros servizos á poboación local.	Actuación 3.1. Apoiar investimentos para a creación, ampliación e mellora dos servizos comerciais.
		Actuación 3.2. Dotación de servizos asistenciais básicos e especializados, dirixidos aos colectivos desfavorecidos.
		Actuación 3.3. Investimentos para a mellora da mobilidade e acceso á servizos para persoas con diversidade funcional e colectivos desfavorecidos.
		Actuación 3.4. Difusión e aplicación das novas tecnoloxías da información e comunicación entre as empresas e a súa utilización básica na poboación do territorio.
	II. Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e	4. Recuperación, rehabilitación e mellora do patrimonio

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS
<p>culturais.</p>		Actuación 4.2. Recuperación de elementos históricos, culturais e patrimoniais.
		Actuación 4.3. Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.
		Actuación 4.4. Desenvolvemento de figuras, programas e actuacións de posta en valor que reforcen a xestión e conservación dos recursos patrimoniais.
	<p>5. Apoiar a consolidación e desenvolvemento dos espazos naturais protexidos.</p>	Actuación 5.1. Promover o coñecemento, estudo e intercambios sobre os espazos protexidos.
		Actuación 5.2. Apoiar a figura de custodia do territorio nos espazos protexidos.
	<p>6. Promover a conservación da biodiversidade e a paisaxe.</p>	Actuación 6.1. Rexeneración de espazos degradados e naturalización de infraestruturas.
<p>III. Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentarios e forestais</p>	<p>7. Mellora da eficiencia na xestión das explotacións agrarias.</p>	Actuación 7.1. Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas.
		Actuación 7.2. Investimentos en proxectos produtivos. Especialmente aqueles de producións respectuosas co medio.
		Actuación 7.3. Promover a eficiencia enerxética nas explotacións.
	<p>8. Fomentar a xestión multifuncional do</p>	Actuación 8.1. Apoiar o desenvolvemento da función produtiva do

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	
	monte; produtiva, social e ambiental.	monte. Actuación 8.2. Incentivar a valorización de producións complementarias; micoloxía, pequenos froitos, etc. Actuación 8.3. Apoiar accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe, así como investimentos sociais.	
	9. Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo de valor engadido os produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.	Actuación 9.1. Potenciar a diferenciación das producións primaria a través do acceso ás marcas de calidade. Actuación 9.2. Promover a transformación produto local. Actuación 9.3. Promover a comercialización en circuítos curtos.	
	IV. Diversificación e desenvolvemento da actividade económica, a través da innovación, co fin de contribuír á creación de emprego	10. Fomentar o emprendemento.	Actuación 10.1. Creación e modernización de PEMES. Actuación 10.2. Rede de asesoramento ao emprendemento.
		11. Promover a innovación a través da cooperación de emprendedores e emprendedoras.	Actuación 11.1. Apoiar a creación e mellora de espazos para o emprendemento; incubadoras e viveiros empresariais, espazos orientados ao coworking.
		12. Mellorar a oferta, promoción e comercialización do Xeodestino.	Actuación 12.1. Apoio á prestación de servizos turísticos especializados.
			Actuación 12.2. Crear produtos turísticos a partir dos principais recursos. Actuación 12.3. Mellorar a coordinación da información e a comercialización do Xeodestino. Respaldo ente de xestión turística.

Fonte: Estratexia Leader (2014/2020)



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

C.3.3 Análise comparativa cualitativa dos dous períodos

Para realizar unha comparación de ambos períodos de actuación, é necesario ter en consideración que se produciu un cambio na estrutura do actual GDR entre os diferentes períodos das estratexias Leader.

A estratexia 2007-2013 para o GDR Costa Noroeste expuña sete obxectivos xenerais, que afectan a diversos ámbitos como son: a regresión demográfica e o mantemento da poboación, o benestar social, a renda da poboación, a taxa de desemprego, a actividade económica, os recursos naturais e culturais, e finalmente a conservación ambiental. Ao mesmo tempo, para este período, o GDR EuroEume expuña tres obxectivos xenerais para a súa estratexia. Estes tiñan relación coa base produtiva agroalimentaria, a sustentabilidade do sector agrario e forestal e a mellora da calidade de vida das zonas rurais. As liñas de actuación de ambos os GDR foron as mesmas para este período e contemplaron a dinamización do sector agrario e forestal, a mellora ambiental e a diversificación da economía rural.

Os obxectivos deseñados para a estratexia 2014-2020 recollen algúns dos expostos polos anteriores GDR no período precedente, avanzando na súa concreción. Desta forma, defínese un obxectivo

xeneral que aborda o desenvolvemento sustentable, ao mesmo tempo que se promove o crecemento económico perdurable a longo prazo e a renovación e conservación dos recursos naturais do territorio. Este obxectivo apóiase en catro actuacións que afectan á capacidade de organización da poboación, á conservación dos recursos patrimoniais, naturais e culturais, a mellora dos sistemas de produción e a diversificación da actividade económica.

En ambos períodos de análises, os tres GDR manteñen a importancia do sector primario, definindo unha serie de actuacións específicas para impulsar o sector agrario nestes territorios.

A seguinte táboa reflicte as principais actuacións no **sector primario** en base aos obxectivos detallados para os diferentes períodos e por GDR segundo o período. Como se pode apreciar segundo os datos presentados na táboa, as actuacións do período 2014-2020 recollen gran parte das actuacións desenvolvidas no período anterior polos GDR Costa Noroeste e EuroEume. Tamén inclúe algunhas actuacións novas con respecto ao período anterior, como serían: desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas, incentivar a valorización de producións complementarias como micoloxía ou pequenos froitos, apoiar accións que fomenten os investimentos sociais, promover a comercialización en circuitos curtos, ou potenciar marcas de calidade.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 5. Actuacións do sector primario, períodos 2007-2013 y 2014-2020

ACTUACIÓN DO SECTOR PRIMARIO		
COSTA NOROESTE	EUROEUME	SEITURA 22
LEADER 2007-2013		LEADER 2014-2020
SECTOR AGRARIO		
<ul style="list-style-type: none"> • Novas técnicas de produción. • Fomento da produción de caracois. • Planta de produción de cogomelos. • Invernadoiros de produción de flor. • Invernadoiros de produtos de horta. • Recuperación de variedade tradicionais. • Fomento da plantación de cereixos e guindas autóctonos • Fomento da plantación de camelias. • Novas producións. • Fomento da agricultura ecolóxica. • Explotación de produción de avestruz. • Explotación de produción de patos. • Eficiencia enerxética. • Fomento da produción de enerxía solar en explotacións agrarias. • Fomento da produción de enerxía xeotérmica en explotacións agrarias. • Emprego de esterco e outros residuos para produción de enerxía. • Novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICS). • Creación dun portal web para a promoción e comercialización das producións agropecuarias e webs indexadas de cada produtor. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actuacións sostibles das explotacións. • Sistemas de produción respectuosos co medio, fomentando a gandeira ecolóxica. • Recuperación de variedades froiteiras tradicionais, especialmente a mazá e as cereixas. • Orientación para unha comercialización en circuitos curtos de estas producións. • Promoción da mellora de plantacións de mazás de sidra existentes e da instalación de novas parcelas. • Acomodar as necesidades silvopastorais das explotacións ás esixencias dos PORN dos espazos protexidos onde estas se atopan. • Apoio ao desenvolvemento e uso das enerxías renovables. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mellora da eficiencia na xestión das explotacións agrarias. • Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas. • Investimentos en proxectos produtivos. Especialmente aqueles de producións respectuosas co medio. • Promover a eficiencia enerxética nas explotacións.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

ACTUACIÓN DO SECTOR PRIMARIO		
<ul style="list-style-type: none"> Creación dunha estrutura con tecnoloxía wifi banda ancha para subministrar Internet ao medio rural. 		
AUMENTO DO VALOR ECONÓMICO DOS MONTES		
<ul style="list-style-type: none"> Fomento da diversificación forestal. Substitución de especies forestais exóticas por autóctonas. Valorización da produción de cogomelos. Explotación da produción de cogomelos con fines turísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Investimento en explotacións para mellorar o rendemento. Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios. Fomento de agrupacións para a ordenación e xestión dos montes. Potenciación da redacción técnica de instrumentos de ordenación e xestión forestal sustentable. Desenvolvemento e mellora dos procesos de xestión da calidade e trazabilidade dos produtos forestais. Inversión en tecnoloxía para a mellora dos equipos no monte e a súa mecanización. Infraestruturas para o aproveitamento de biomasa forestal en montes en Man Común e asociacións de propietarios. Aproveitamento das “outras producións” do monte: castañas, cogomelos, abelás, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Fomentar a xestión multifuncional do monte; produtiva, social e ambiental. Apoiar o desenvolvemento da función produtiva do monte. Incentivar a valorización de producións complementarias; micoloxía, pequenos froitos, etc. Apoiar accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe, así como investimentos sociais.
AUMENTO DO VALOR ENGADIDO DE PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS		
<ul style="list-style-type: none"> Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Adecuación dun Centro de interpretación, degustación e venda de produtos do territorio. 	<ul style="list-style-type: none"> Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo de valor engadido os produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

ACTUACIÓN DO SECTOR PRIMARIO		
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas de fabricación e envasado de diferentes produtos derivados da produción primaria da zona. • Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais. • Creación, ampliación e modernización de empresas industriais de transformación de madeira. • Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, alimentario e forestal. • Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o GDR para facilitar asesoramento individualizado aos produtores de flor e horta en invernadoiros. • Convenio de colaboración entre as asociacións de empresarios de turismo e hostalería e a futura asociación de produtores agropecuarios para comercializar e utilizar produtos agrarios do territorio nos establecementos de hostalería. • Cooperación entre agricultores e a futura empresa de fabricación de foie-gras para a crianza de patos. <p>Cooperación entre produtores de mazá e a futura empresa de fabricación de sidra para lograr un produto ecolóxico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver unha marca para os produtos da comarca. Aproveitando para a mesma a existencia do Parque Natural das Fragas do Eume. • Transformación das producións de mazá de sidra do territorio. • Apoio ao desenvolvemento de novos produtos lácteos no territorio. • Comercialización das producións alternativas e ou complementarias contribuíndo a desenvolver unha industria alimentaria asociada a estes produtos. • Promoción dos mercados locais, tradicionais ou de nova creación, así como as feiras de maneira que poidan ser tamén un recurso turístico e cultural. • Promoción dos produtos complementarios do monte. • Desenvolvemento de actuacións para unha xestión ambiental responsable mediante investimentos produtivos nas masas forestais. • Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, alimentario e forestal. • Proxectos de cooperación entre produtores agrarios ou forestais, empresas de transformación e comercialización agraria ou forestal e/ou centros tecnolóxicos e de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar a diferenciación das producións primaria a través do acceso ás marcas de calidade. • Promover a transformación produto local. • Promover a comercialización en circuítos curtos.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

ACTUACIÓN DO SECTOR PRIMARIO		
	<p>de cara ao desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Cooperación entre o sector cinxético e da pesca co sector turístico do territorio cedendo permisos para a súa comercialización en paquetes turísticos. ● Colaborar con outros territorios no desenvolvemento da comercialización de produtos agrarios e forestais. ● Cooperación para a implantación de sistemas de mellora da eficiencia enerxética na industria forestal. 	

Fonte: Estratexias Leader (2007/2013 e 2014/2020)

En ambos períodos as actuacións no sector primario, centráronse en tres bloques: sector agrario, aumento do valor dos montes e aumento de valor engadido dos produtos agrarios e forestais. Todos eles tiñan como obxectivo final mellorar a produción e transformación dos produtos locais, apostando polo comercio de proximidade e poñendo en valor a produción do sector primario da zona.

C.4 Concreción da estratexia nos cadros financeiros e no baremo de priorización de proxectos

C.4.1 Cadros financeiros

Neste apartado proporciónase unha breve explicación sobre a forma na que foi plasmada a estratexia nos cadros financeiros para o período 2014-2020 e o 2007-2013. Recóllense os fondos

inicialmente previstos para os proxectos produtivos e non produtivos, así como a súa distribución en función dos obxectivos establecidos na estratexia, especificando tamén os límites máximos ao financiamento por proxecto e as porcentaxes máximas de axuda establecidas. É preciso realizar unha distinción entre os cadros financeiros mostrados nas estratexias anteriores e os cadros finalmente aprobados pola Administración. Os cadros aprobados supoñen a modificación deses primeiros cadros presentados en base aos criterios obxectivos utilizados pola Administración. Nos seguintes apartados preséntanse ambos tipos de cadros, distinguindo en casa caso o tipo de cadro financeiro.

C.4.1.1 Período 2007-2013

A continuación preséntanse os cadros financeiros aprobados pola Administración para o período 2007-2013. Nesta ocasión fíxose a



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

través do Acordo do 23 de Decembro de 2008 no que estableceuse unha primeira dotación teórica, da cal o 79% quedaba aprobada en firme.

Así, no caso de EuroEume esa dotación teórica ascendía a 3.454.796 €, da cal concedíanse en firme 2.723.139 €. No caso de Costa Noroeste o marco teórico foi de 4.567.202 €, adxudicándose inicialmente 3.599.960 €.

Cinco anos despois, a través da Resolución do 30 de Decembro de 2013, completáronse os cadros financeiros totais dos diferentes GDRs para dito período.

No caso do GDR EuroEume, e tras recibir na Resolución outros 866.829,23 €, acabou ascendendo a 3.589.968,42 €, tal e como figura a continuación. Esta cantidade superou a previsión teórica inicial dado o nivel de execución do primeiro tramo.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 6. Gasto público proxectado aprobado da Estratexia 2007-2013 para EuroEume, entre 2008 e 2015

MEDIDA	TIPO PROXECTO (P - produtivo, NP - non produtivo, F funcionamento, P - promoción)		GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA									
			2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	TOTAL	
Estratexia	411. Dinamización do sector agrario e forestal	P	100%	51.426,66	100.455,25	101.159,46	105.536,34	104.854,42	103.888,54	89.858,79	110.141,21	767.320,66
	412. Mellora medioambiental e do contorno rural	NP	100%	26.947,57	52.638,55	53.007,56	55.301,04	54.943,71	54.437,60	47.086,01	57.713,99	402.076,03
	413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	P	70%	127.332,41	248.727,20	250.470,82	261.307,98	259.619,53	257.228,03	222.490,37	272.709,63	1.899.885,97
NP		30%										
GDR	431. Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	F	80%	41.141,33	80.364,20	80.927,57	84.429,07	83.883,53	83.110,83	33.414,61	33.414,61	520.685,76
		P	20%									
Total programa				246.847,97	482.185,20	485.565,41	506.574,43	503.301,19	498.665,00	392.849,78	473.979,44	3.589.968,42
											FEADER	2.217.560,84
											AXE	688.416,98
											XUNTA	683.990,58

Fonte: GDR EuroEume

A seguinte táboa recolle o gasto público aprobado para o programa do GDR Costa Noroeste, durante os anos 2008 e 2015. Nesta

ocasión a xa citada dotación inicial acabouse completando con outros 802.178,37 €. Si ben, a cantidade total de fondos públicos final

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

acabou lixeiramente por debaixo da dotación teórica inicial que, como xa se sinalou, foi de 4.567.202 €.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 7. Gasto público aprobado do programa Costa Noroeste, 2008-2015

	Medida	TIPO PROXECTO (P - produtivo, NP - non produtivo, F funcionament o, P - promoción)		GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA								
				2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Total
Estratexia	411. Dinamización do sector agrario e forestal	P	100%	54.388,38	106.240,59	106.985,36	111.614,31	110.893,11	109.871,61	71.887,03	88.112,97	759.993,36
	412. Mellora medioambiental e do contorno rural	NP	100%	10.877,68	21.248,12	21.397,07	22.322,86	22.178,62	21.974,32	14.377,41	17.622,59	151.998,67
	413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	P	72%	206.675,85	403.714,25	406.544,36	424.134,37	421.393,83	417.512,12	273.170,73	334.829,27	2.887.974,78
NP		28%										
GDR	431. Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	F	80%	54.388,39	106.240,59	106.985,36	111.614,31	110.893,11	109.871,61	1.089,19	1.089,19	602.171,75
		P	20%									
Total Programa				326.330,30	637.443,55	641.912,15	669.685,85	665.358,67	659.229,66	360.524,36	441.654,02	4.402.138,56
											FEADER	2.673.770,88
											AXE	868.381,60
											XUNTA	859.986,11

Fonte: GDR Costa Noroeste



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

C.4.1.2 Período 2014-2020

Máis alá da previsión de fondos estimados na elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local, dado que os Plans Financeiros das Estratexias entendemos que non teñen percorrido, interesa ver o que a Administración aproba os cadros definitivos, fundamentalmente en función da dotación orzamentaria e non da previsión das diferentes entidades. Así que a continuación presentamos o cadro financeiro aprobado pola Administración para o período 2014-2020.

Dicir que os fondos que asignáronse a submedida 19.4 “Custos correntes da Estratexia de Desenvolvemento Local e para Animación” foi do 17% do total, incluíndo os custos correntes, que representan o 88% desta submedida e os gastos de animación que representa o 12% da submedida.

A porcentaxe menor de fondos, na medida 19.4 (o 17% en vez do 25%) adoptouse co obxecto de incrementar a contía de fondos para a submedida 19.2. de apoio para a realización de operacións.

Os fondos asignados á formación promovida polo GDR supuxeron o 2,5% dos fondos da medida 19.4.

Os fondos da submedida 19.2 “Apoio para a realización de operacións conforme á Estratexia de Desenvolvemento Participativo”, se distribúen entre proxectos produtivos e non produtivos, cumprindo o requisito de asignación dun 65% para proxectos produtivos e dun 35% para proxectos non produtivos.

Os fondos non produtivos divídense en proxectos promovidos por entidades públicas locais e institucións de carácter privado, estimándose inicialmente un maior peso para as primeiras.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 8. Cadro financeiro aprobado para o período, anualidades 2017-2023

		2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Funcionamento e animación	19.4	186.119,67 €	186.119,67 €	186.119,67 €	186.119,67 €	146.610,75 €	146.610,75 €	186.119,67 €	1.223.819,85 €
Proxectos	19.2	867.426,12 €	699.003,69 €	658.192,08 €	259.146,76 €	513.648,04 €	0 €	609.150,71 €	3.606.567,40 €
Remanente anterior			2.660,77 €						4.830.387,25 €

Fonte: GDR Seitura 22

Os importes citados na táboa anterior son as cantidades efectivamente dispostas polo GDR para as diferentes convocatorias de axudas. Si ben a desagregación dos fondos da medida 19.2 mantívose a relación de 65% e 35% para proxectos produtivos e non produtivos, tal e como figuraba na estratexia presentada, o reparto destes últimos entre proxectos públicos e privados fíxose equitativamente, polo que non se mantivo a intención inicial de dotar en maior medida aos públicos.

C.4.1.3 Análise comparativa cuantitativa

A análise dos cadros financeiros permite observar as diferenzas entre os dous períodos anteriores da estratexia Leader. Para o período 2007-2013, o GDR EuroEume rexistraba un gasto público proxectado entre 2008 e 2015 de 3.069.282,66 € para o total do programa, sen funcionamento. Desta cantidade, o 16,67 % correspóndese coa Medida 431 relativa aos gastos de funcionamento do GDR. O 20,83% desta cantidade total correspóndese coa Medida 411 relativa á dinamización do sector agrario e forestal, sendo todos os proxectos desta medida de carácter produtivo. No que se refire á Medida 412 relativa á mellora

ambiental e do contorno rural, esta supón apenas o 3,45 % do programa.

A medida 413 de Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida supón o 75,72 % do total do gasto proxectado do programa. Esta medida contempla proxectos produtivos e non produtivos, repartíndose o gasto proxectado da seguinte forma: os proxectos produtivos supoñen o 72,70 % do total do gasto desta medida, mentres que os proxectos non produtivos supoñen o 27,30 % do total.

En canto ao GDR Costa Noroeste, o gasto total da estratexia entre 2008 e 2015 supón aproximadamente o 86,32% do gasto do programa. Mentres que os gastos relativos á Medida 431 (funcionamento e promoción) constitúen o 13,68 % do gasto total do programa. Doutra banda, a Medida 411 supón o 20 % do gasto da estratexia para este período, mentres que a Medida 412 representa o 4 % do gasto total. Ademais, a Medida 413 implica o 76 % do gasto da estratexia. No que respecta aos proxectos produtivos e non produtivos, os primeiros representan o 75 % do gasto público da

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

estratexia, mentres que os non produtivos constitúen o 25 % restante.

A distribución do gasto entre as diferentes medidas é practicamente idéntica para os dous GDRs.

Pasando ao período máis recente da estratexia, 2014-2020, obsérvase que a porcentaxe do gasto dedicado ao financiamento de proxectos é de aproximadamente o 74,66 % do gasto público. Os gastos de funcionamento para o GDR Seitura 22 durante este período apuntan ao 25,34 % do total do gasto da estratexia, si ben aínda non se rematou de executar o período e estes non poderán superar o 25%. A este respecto hai q ter en conta que na anualidade de 2.022 non houbo convocatoria de axudas mentres que os gastos correntes mantéñense. Ademais, neste apartado estanse a contabilizar os investimentos realizados en proxectos de animación da estratexia, ao tempo que neste cadro non se contemplan os fondos executados nas diferentes convocatorias de cooperación. Seitura 22 beneficiouse de 6 proxectos de cooperación.

Para este período, de media, os proxectos produtivos supoñen o 68,71 % do gasto público da estratexia. O gasto dos non produtivos divídese entre Non Produtivos - Entidades públicas locais, que constitúe aproximadamente o 18,38 % do gasto, e os Non Produtivos - Institucións de carácter privado, que supoñen en media o 12,54 % do gasto para este período. Nos tres casos, os proxectos produtivos supuxeron maior porcentaxe do gasto público dos cadros financeiros, estando próximos en canto á proporción do gasto destinada aos mesmos.

De tódolos xeitos a principal conclusión entre períodos é a perda de peso do Leader. Dado que si a suma dos fondos públicos mobilizados por EuroEume e Costa Noroeste durante 2007-2013 foi

de 7.992.106,60 €, no seguinte período (2014-2020), Seitura 22 unicamente accedeu a 4.830.387,25 € para un territorio maior, ao incorporar ao Concello de Miño e pasar así de 21 e 22 concellos.

Esta cantidade só representa o 60,44% dos fondos do período anterior, practicamente un 40%. Sendo ademais moi similar a disposta pola Asoc. EuroEume se nos retrotraemos outro período, ó 2.000-2.006. Naquel entón convivían no territorio dos 21 concellos 3 GDRs; EuroEume, Costa Ártabra e a Fundación Comarcal do Ortegal. polo que non podemos senón concluir no cada vez menor peso do Leader, tanto en termos absolutos como no marco do PDR de Galicia.

C.4.2 Baremo de priorización de proxectos

Achégase un resumo para o período 2007-2013 dos baremos de priorización de proxectos para o GDR Costa Noroeste e Asoc. EuroEume, e para o período 2014-2020 dos baremos de priorización de proxectos e a súa relación coa estratexia definida polo GDR Seitura 22. Se fai constar o mínimo de puntos necesarios para financiar un proxecto. O listado de criterios, así como a puntuación máxima por criterio, é incluído en forma de cadro, diferenciando entre proxectos produtivos e non produtivos.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

C.4.2.1 Período 2007-2013

Táboa 9. Criterios de selección e baremación de proxectos Costa Noroeste, 2007-2013

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos produtivos	
Criterio 1. Situación xeográfica	Máximo 40 puntos
Criterio 2. Características do promotor/a	Máximo 10 puntos
Criterio 3. Incidencia no emprego	Máximo 25 puntos
Criterio 4. Impacto sobre o territorio	Máximo 25 puntos
Proxectos non produtivos	
Criterio 1. Situación xeográfica	Máximo 40 puntos
Criterio 2. Características do promotor/a	Máximo 20 puntos
Criterio 3. Impacto sobre o territorio	Máximo 40 puntos

Para proxectos produtivos:

- Topes:
 - Porcentaxe máxima de axuda 45%
 - Porcentaxe mínima de axuda 20%
- Puntuación:
 - Considerarase subvencionable o proxecto que acade a puntuación de 30 puntos.
 - A puntuación para obter a subvención máxima será de 80 puntos.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Para proxectos non produtivos:

- Topes:
 - Proxectos de prioridade alta
 - % Máxima de axuda 100%
 - % Mínima de axuda 50%
 - Proxectos de prioridade media
 - % Máxima de axuda 70%
 - % Mínima de axuda 45%

- Proxectos de prioridade baixa
 - % Máxima de axuda 50%
 - % Mínima de axuda 30%
- Puntuación:
 - Considerarase subvencionable o proxecto que acade a puntuación de 35 puntos.
 - A puntuación para obter a subvención máxima será de 75 puntos.

Táboa 10. Criterios de selección e baremación de proxectos EuroEume, 2007-2013

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos produtivos	
Criterio 1. Situación xeográfica	Máximo 40 puntos
Criterio 2. Características do promotor	Máximo 10 puntos
Criterio 3. Incidencia no emprego	Máximo 25 puntos
Criterio 4. Impacto sobre o territorio	Máximo 25 puntos
Proxectos non produtivos	
Criterio 1. Situación xeográfica	Máximo 40 puntos
Criterio 2. Características do promotor e o ámbito de actuación do proxecto	Máximo 20 puntos
Criterio 3. Impacto sobre o territorio	Máximo 40 puntos

A porcentaxe de subvención para **proxectos produtivos** establecerase a partir da suma dos puntos acadados nos diferentes criterios de baremación:

- Topes:
 - A porcentaxe mínima de subvención: 15%
 - A porcentaxe máxima de subvención: 45%
- Puntuación mínima:

- Para acadar a porcentaxe mínima de subvención cómpre ter acadado na baremación do proxecto polo menos 41 puntos.
- Para acadar a porcentaxe máxima de subvención cómpre ter acadado na baremación do proxecto polo menos 85 puntos.

Para non produtivos:



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- Topes
 - A porcentaxe mínima de subvención: 40 %
 - A porcentaxe máxima de subvención: 100%
 - Prioridade alta: Intensidade de axuda até o 100%
 - Prioridade media: Intensidade de axuda até o 70%
 - Outros proxectos non produtivos: Intensidade de axuda até o 50%:
- Puntuación:
 - Para acadar a porcentaxe mínima de subvención cómpre ter acadado na baremación do proxecto polo menos 40 puntos.
 - Para acadar a porcentaxe máxima de subvención cómpre ter acadado na baremación do proxecto polo menos 85 puntos.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

C.4.2.2 Período 2014-2020

Táboa 11. Criterios de selección e baremación de proxectos 2014-2020

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos produtivos	
Criterio 1. Situación xeográfica	Máximo 40 puntos
Criterio 2. Características do promotor/a	Máximo 10 puntos
Criterio 3. Incidencia no emprego	Máximo 20 puntos
Criterio 4. Impacto sobre o territorio segundo a tipoloxía de proxecto	Máximo 30 puntos
Proxectos non produtivos	
Criterio 1. Situación xeográfica	Máximo 40 puntos
Criterio 2. Características do promotor/a e ámbito de actuación do proxecto.	Máximo 20 puntos
Criterio 3. Impacto sobre o territorio	Máximo 40 puntos

A puntuación máxima de corte para que un proxecto acade a axuda máxima foi de 80 puntos. Neste caso a axuda foi do 50 % con carácter xeral. O importe máximo de axuda foi 200.000 €.

A nota e corte para os proxectos non produtivos foi de 35 puntos a puntuación mínima, para poder ser subvencionado e de 75 puntos a nota de corte máxima.

C.4.2.3 Análise comparativa cualitativa

No que se refire aos baremos de priorización, obsérvase que practicamente non existen diferenzas entre os GDR Costa Noroeste e EuroEume para o período 2007-2013, en boa medida debido a que moitas cuestións son incorporadas directamente desde AGADER. Os criterios de selección e a puntuación máxima son equivalentes en ambos os casos. A única excepción pódese atopar no criterio de selección número 2 para os proxectos non produtivos. Para o GDR Costa Noroeste, este criterio implica considerar as características do promotor ou promotoras, mentres que para o GDR EuroEume

supuxo considerar tamén o ámbito de actuación do proxecto. Para Costa Noroeste, a porcentaxe mínima de axuda para proxectos produtivos era o 20%, mentres que para EuroEume o mínimo é 15%. O máximo foi o mesmo para ambos os GDR. En canto á puntuación mínima e máxima para obter subvención, tamén se observan certas diferenzas. Para Costa Noroeste, considerábase subvencionable o proxecto que acade a puntuación de 30 puntos, mentres que para EuroEume este mínimo atopábase en 41 puntos. En canto ao máximo, para Costa Noroeste situábase en 80 puntos e para EuroEume situábase en 81 puntos, non sendo tan diferente este aspecto da baremación.

No caso dos proxectos non produtivos, para Costa Noroeste o mínimo de axuda a percibir é o 30% (proxectos de prioridade baixa), mentres que para EuroEume este mínimo situábase en 40%. En canto ás prioridades media e alta, os topes subvencionable mantéñense. No caso de Costa Noroeste, a puntuación mínima necesaria para obter financiamento para os proxectos non produtivos

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

era de 35 puntos, que difire dos 40 mínimos de EuroEume. Esta diferenza tamén ocorre coa puntuación máxima para este tipo de proxectos, que en Costa Noroeste era de 75 puntos e en EuroEume de 85 puntos.

Os criterios de selección para o período 2014-2020 de Seitura 22 cambian lixeiramente con respecto ao período anterior da estratexia. Así, o criterio relativo á incidencia no emprego para proxectos produtivos pasa dun máximo de 25 puntos en 2007-2013 a un máximo de 20 puntos. O criterio sobre o impacto sobre o territorio segundo a tipoloxía de proxecto pasa de 25 puntos máximos a 30 puntos en 2014-2020. Os máximos para os criterios de selección de proxectos non produtivos mantéñense entre os diferentes períodos.

O baremo aplicado tanto no período 2014-2020 como no anterior presenta certas limitacións para considerar para estratexias futuras. Neste sentido, a pesar de que si foron criterios útiles para discriminar proxectos e adecualos aos obxectivos principais da estratexia (como se analizará máis adiante), provocou tamén efectos non desexados. Un destes efectos é que proxectos de elevado investimento acadan a axuda máxima (250.000 € antes e 200.000 € no actual período) o que vai en detrimento de pequenos proxectos, que tamén son relevantes para o territorio e a estratexia. Dado que os fondos dispoñibles sempre son insuficientes para atender á demanda dos mesmos.

C.4.3 Valoración conxunta de cadros e baremo

A análise conxunta dos cadros financeiros e a baremación permite obter certas conclusións co obxectivo de implementar melloras futuras na actual estratexia.

Por unha banda, a análise dos cadros financeiros permite observar as diferenzas entre os dous períodos anteriores da estratexia Leader. O gasto proxectado para o período 2014-2020 para a estratexia mostra a seguinte distribución por tipo de medidas a adoptar: a submedida 19.2 supón o 83% do gasto total da estratexia e a submedida 19.4 supón o 17% restante do gasto total. Se se atende á división entre tipos de proxectos para a submedida 19.2, obsérvase que o 65% do total de gasto proxectado para esta medida destinaríase a proxectos produtivos, mentres que os non produtivos supoñerían o 34,13%. O 0,87% restante do gasto total da submedida 19.2 correspóndese coa formación promovida polo GDR. Dentro dos non produtivos, é posible distinguir os non produtivos promovidos por entidades públicas locais (70% do gasto dos non produtivos) e aqueles promovidos por institucións de carácter privado (o 30% restante). Obsérvase que entre períodos mantense practicamente a proporción entre o gasto asignado entre proxectos produtivos e non produtivos.

No que se refire aos baremos de priorización, obsérvase que practicamente non existen diferenzas entre os GDR Costa Noroeste e EuroEume para o período 2007-2013. Os criterios de selección e a puntuación máxima son equivalentes en ambos os casos, salvo no caso do criterio de selección número 2 para os proxectos non produtivos. Tamén se observan diferenzas en canto aos topes mínimos e máximos para obter a axuda.

Obsérvase a necesidade de revisión e adecuación dos baremos ás experiencias observadas. Un problema da baremación é a súa adecuación para a consecución de distintos obxectivos que en, principio, poden supoñerse contraditorios. Tamén é preciso considerar os diferentes tamaños dos promotores e os diferentes sectores de pertenza dos mesmos. Estas consideracións poden



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

evitar a aparición de efectos non desexados, como o reforzo no baremo dos proxectos de maior tamaño, en detrimento dos máis pequenos.

C.5 Datos e indicadores cuantitativos sobre a execución e resultados alcanzados

C.5.1 Cifras globais

C.5.1.1 Período 2007-2013

Especificáanse aquí os cadros financeiros sobre a execución dos fondos do programa LEADER no territorio no período 2014-2020 e no 2007-2013 para os diferentes GDR que abarcaban os territorios de Seitura 22 nos anteriores períodos. As seguintes táboas resumen o número de proxectos e os pagos realizados.

A seguinte táboa resume os importes pagos polos GDR Costa Noroeste e EuroEume, entre 2009 e 2015.

Táboa 12. Resumo de financiamento executado, GDR Costa Noroeste e EuroEume

GDR	Período	Concepto	Contía
Costa Noroeste	2007-2013	Total subvención xustificada e pagada	2.065.077,08 €
EuroEume	2007-2013	Total subvención xustificada e pagada	2.274.634,33€

Fonte: AGADER Pagos realizados a 30/3/2016

Os datos mostran que para o mesmo período da estratexia 2007-2013, a cantidade xustificada e pagada polo GDR EuroEume foi superior á presentada polo GDR Costa Noroeste.

Aínda que a execución do orzamento inicial depende de moitos factores, especialmente de que a Administración autonómica poña a disposición dos GDR os orzamentos inicialmente anunciados, pero tamén de que se completen as convocatorias con solicitudes e que á súa vez estas se executen en tempo e forma para evitar a perda de compromisos. Compre destacar que a contía efectivamente contabilizada por AGADER a principios de 2.016 distaba dos orzamentos inicialmente aprobados. No caso de EuroEume a execución representaba algo máis do 63% dos fondos previstos e no de Costa Noroeste non alcanzaba o 47%. así os 4.339.711,41 executados nese momento conxuntamente por ambas entidades representaba o 54,30% do inicialmente previsto.

Si ben, máis alá da propia xestión do programa, a crise posterior ao 2.008 condicionou a dispoñibilidade real de fondos por parte da Administración para transferir aos GDRs.

C.5.1.2 Período 2014-2020

Recóllense agora os gastos de execución para o período 2014-2020 para o GDR Seitura 22.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 13. Cadro financeiro execución a 31/12/2022 en función dos pagos efectuados

	19.2					19.4		
	Total	Produtivos	Non produtivos Públicos	Non produtivos Privados	Formación	Total	Funcionamento	Animación
Importe (€)	2474369,66	1.703.836,16	431.261,13	337.283,11	1.989,26	852.469,08	818.340,98	34.128,10
Porcentaxe (%)		68,86%	17,43%	13,63%	0,08%		96,00%	4,00%
Total Pagos (€)	3.326.838,74							

Fonte: AGADER

Segundo os últimos datos facilitados por AGADER, o total de fondos públicos executados e pagados neste momento ascende a 3.326.838, 74 €. Deles, o 25,62% corresponden a funcionamento e animación e o resto ao apoio a proxectos de terceiros. Destes, o 68,86% correspóndese con proxectos produtivos, mentres que o restante 31,06% destinouse a proxectos non produtivos. Repartidos á súa vez entre os de promoción pública 17,43% do total e os de promoción privada, entidades asociativas, que supoñen o restante 13,63%.

C.5.1.3 Análise comparativa cualitativa

A análise entre as cantidades proxectadas no cadro financeiro e as finalmente executadas permite observar distintos aspectos de interese.

En primeiro lugar, se observamos as cantidades executadas fronte ás proxectadas para o período 2007-2013, aprécianse desviacións no caso do GDR EuroEume. A cantidade proxectada para o período era 3.589.968,42€ (2008-2015) e finalmente executáronse 2.395.309,97€ entre 2010 e 2015. No caso de Costa Noroeste, a contía de subvención xustificada e paga relativa ao período 2007-

2013 foi 2.065.077,08 €, cifra que contrasta cos 4.402.138,56 € proxectados para os proxectos da estratexia (2008-2015).

Estas diferenzas poden responder a múltiples situacións, sendo unha delas as diverxencias entre os investimentos esperados da estratexia e os proxectos finalmente mobilizados, presentados e subvencionados.

Doutra banda, o cadro financeiro executado para Seitura 22 entre 2017 e 2022 ascende a 3.326.838,74 €. O cadro financeiro aprobado para o mesmo período ascende a 4.830.387,25€ destinados fundamentalmente ao financiamento dos proxectos. Novamente, obsérvanse diverxencias entre as dúas cifras. É preciso comentar que as cifras aprobadas esténdense ata 2024, pero só dispónse de datos de execución ata 2022. De tódolos xeitos o executado a día de hoxe xa representa o 68,87% de esa previsión inicial, porcentaxe superior ás recollidas para EuroEume (63,36%) e Costa Noroeste (46,91%).

Un aspecto interesante é a comparación entre períodos dado que o ámbito territorial é practicamente o mesmo, coa excepción da inclusión de Miño. A este respecto, unha primeira conclusión é a

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

motivación da Administración á hora de fusionar territorios: o compromiso co período anterior sumaba entre os dous cadros financeiros dos GDRs 7.992.106,98 €, pasando no actual período a 4.830.387,25 un 60% dos fondos no mesmo ámbito territorial (aínda maior).

En canto á execución, falabamos de que no anterior período executáronse de forma conxunta (a 30/3/2016) 4.339.711,41 € (54,30% do previsto), e neste período os 3.326.838,74 € representan o 68,87% do previsto. A este respecto tamén hai que lamentar a falta de flexibilidade da Administración á hora de mobilizar fondos liberados polo descompromiso dos proxectos. As rixideces burocráticas dificultan en boa medida redestinar fondos aos proxectos en reserva descomprometidos nas execucións a baixa ou acceder a descompromisos de outros territorios.

Pero loxicamente non deixa de ser unha cifra inferior, en termos absolutos, ao disposto no anterior período. Isto non pode ser doutra forma é debese fundamentalmente á menor dotación de LEADER no marco do PDR de Galicia..

C.5.2. Datos sobre os proxectos

C.5.2.1 Período 2007-2013. Proxectos presentados e executados

A distribución dos proxectos por concellos realizouse atendendo ás solicitudes presentadas e aprobadas nos diversos territorios. Para este apartado, utilízase a información recollida polos GDR Costa Noroeste e EuroEume, para o período anterior ó actual (2007-2013). Neste sentido, preséntanse os resultados das axudas concedidas e pagadas entre os anos 2009 e 2015. A seguinte táboa resume os proxectos desenvolvidos e apoiados polos dous GDR; Costa Noroeste e EuroEume para o período de análise.

É preciso ter en consideración que algúns dos proxectos correspóndense cos gastos de funcionamento dos GDR durante o período das estratexias. Por iso ofrécense non só os datos conxuntos, senón tamén por separado correspondentes ao funcionamento e ao resto de proxectos, en cada caso.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 14. Características principais dos proxectos para Costa Noroeste e EuroEume, 2009-2015

SECTOR	TÍTULO EXPEDIENTE	FIGURA XURÍDICA	TIPO	LOCALIZACIÓN
COSTA NOROESTE				
PRIMARIO	Empresa de nova creación para instalación, envasado e venda de leite ecolóxico	Sociedade limitada	Produtivo	Ortigueira
	Centro de limpeza e desinfección vehículos de gando	Administración local	Non produtivo	Narón
	Ampliación e modernización de empresa de elaboración de lousa	Sociedade limitada	Produtivo	Ortigueira
	Ampliación de empresa louseira para a instalación de liña de exfoliado automática	Sociedade limitada	Produtivo	Ortigueira
	Instalación de liña de exfoliado automática	Sociedade limitada	Produtivo	Ortigueira
	Ampliación de empresa forestal Madeiras Ermo, S.L.	Sociedade limitada	Produtivo	Ortigueira
	Mellora e ampliación de empresa especializada na prestación de servizos forestais	Sociedade limitada	Produtivo	Cedeira
	Produción de arandos	Sociedade anónima	Produtivo	Cerdido
	Proxecto de ampliación de empresa gandeira Granxa Vidueira	Sociedade civil	Produtivo	Ortigueira
	Adquisición de procesador marca PONSSE	Persoa física	Produtivo	Ortigueira
EMPRESAS	Sistema de robotizado para a inspección de canalizacións	Sociedade limitada	Produtivo	Ortigueira
	Ampliación e desenvolvemento de empresa de carpintería e fabricación de mobiliario de cociña	Sociedade civil	Produtivo	Ortigueira
	Ampliación de empresa de panadería artesá	Sociedade civil	Produtivo	Ortigueira
	Ampliación de empresa de servizos fotográficos	Persoa física	Produtivo	Cerdido
	Ampliación de café-bar para mesón rústico río sor	Persoa física	Produtivo	Ortigueira
	Empresa de nova creación para a instalación de restaurante	Sociedade limitada	Produtivo	Mañón
	Ampliación de empresa de fontanería en Cuíña, Ortigueira	Persoa física	Produtivo	Ortigueira
	Ampliación de empresa de servizos de explanación, movemento de terras e preparación de terreos	Persoa física	Produtivo	Cerdido
	Empresa de nova creación para a implantación de clínica odontolóxica en cariño	Sociedade limitada	Produtivo	Cariño
TURISMO	Recuperación do entorno do río Baa - Mugardos	Administración local	Non produtivo	Mugardos

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

SECTOR	TÍTULO EXPEDIENTE	FIGURA XURÍDICA	TIPO	LOCALIZACIÓN
	Senda litoral Costa Ártabra	Administración local	Non produtivo	Narón
	Creación e explotación de empresa de turismo de aventura e de restauración con produtos autóctonos na praia de San Xurxo (Ferrol)	Sociedade limitada	Produtivo	Ferrol
	Limpeza, escavación arqueolóxica e consolidación no Castelo do Casón, San Adrián de Veiga"	Administración local	Non produtivo	Ortigueira
FORMACIÓN	Aula de informática itinerante	Administración local	Non produtivo	Ortigueira
	Equipamento de circuíto biosaudable ao aire libre en Cervás	Administración local	Non produtivo	Ares
	Equipamento de circuíto biosaudable ao aire libre en Chanteiro	Administración local	Non produtivo	Ares
	Parques para todos en Redes	Administración local	Non produtivo	Ares
	Programa de rehabilitación integral para persoas con trastorno de aspecto autista, centro residencial con centro de día en Ferrol	Asociación	Non produtivo	Ferrol
	Rehabilitación de edificio illado para local de ensaio e outros usos sociais	Administración local	Non produtivo	Ares
